

Centro Dramático Galego



*VIAXE E FIN
DE DON FRONTÁN*

de Rafael Dieste

Dirección: Antonio Simón

XUNTA DE GALICIA



VIAXE E FIN DE DON FRONTÁN

de Rafael Dieste

Espacio escénico e dirección: Antonio Simón
Traducción: Manuel Guede Oliva
Vestuario: Ana Costas Fiala
Selección musical: María Arnesto
Ilustración cartel: Antonio Simón
Maquillaxe: Carmela Montero
Documentación: Xosé Luis Arellinos
Audante de dirección: Manuel Arnesto
Auxiliar de dirección: María Arnesto
Xefe de produción: Francisco Oti
Producción: CDG
Administración e Equipo Técnico: IGAEAM

Elenco

Don Frontán	Xan Cajudo
Peregrino	Pico
Casero	Lino Braxe
Caseira	Teresa Horro
Labrador	Luis Castro
Labradora	Mazo Barjas
Pinturiñas	Luis Tosar
Xelosa	Susana Dams
Pitaxosa	Laura Forte
O Manteco	Andrés Pazos
O da bimba	Vicente Montoto
Muller do peregrino	Mela Casal
A rapaza	Rebeca Montero
O cego	Andrés Pazos
Destrón	Rebeca Montero
Xordo	Vicente Montoto
Artista	Luis Castro
Vello	Lino Braxe
Mozo	Josito
Lercha	Margarita Fernández
Pispanta	Teresa Horro
Moa	Mazo Barjas
Saiteira	Laura Forte
Vella	Mela Casal

Personaxes do guión do Pinturiñas:
O pai, o fillo, o mago, o demo, a baista,
a Tancica, o camión, a gromma, o gato,
a morte, o teatro que fai de lobo.
A xeste
Público do Guión
Voces
Compañía do CDG

... Pero don Frontán non se conforma con vivir a vida, quere entender a vida, deste coñecemento xorden os seus problemas, a súa angustia que acaba comunicando os demais personaxes da obra. Tense insistido moito, por parte da crítica, da influencia de Valle Inclán na obra de Rafael Dieste pero case nunca se quixo atender á pegada evidente de Unamuno, autor dun teatro á contra das modas e da comercialización. Rafael Dieste, como Unamuno, utiliza o teatro como canle polo que discorren unha serie de problemas que tamén plantea nas súas narracións e ensaios. E sente o riameiro, xa que logo -igual co escritor vasco- como accidentais os xéneros literarios.

Como Unamuno, os seus planteamentos son ontolóxicos, filosóficos, ben aliñados dos temas sociais. Tamén o profesor de Salamanca dramatizou o enigma da vida e da persoa nunha obra como "El otro" (1926) e xa anteriormente se ocupara da inabscindible identidade do individuo, en loita co tempo, en "El pasado que vuelve" (1910). Algunhas outras características do teatro innovador de Unamuno pesan na concepción dramática da obra de Dieste: o teatro como acto reflexivo, a calma e sosego da vida, a concepción do escenario como espacio metafísico, etc., etc...

Ben é verdade que a teima de don Miguel de convertere-las ideas en personaxes priva a estas da suficiente credibilidade que teñen os personaxes de Dieste.

Xosé Luis Arellinos

Esta peza está enmarcada por Rafael Dieste no que poderíamos chamar un máisimo poético, pero tendo en conta que os textos que reproducen historias en épocas pasadas dificilmente soportan un tratamento realista e que nin a linguaxe nin a historia facilitan tal tratamento, adóptouse un romanticismo-expresionista, se se permite a fórmula, de tal xeito que a combinación destes dous conceptos aplicados á fala dos personaxes, ós seus movementos, á luz, ó son e mesmo á súa vestimenta, puidesen dar un resultado que non sexa enquilo polo entorno de pedra e anos autenticos, nin por texto tan potente.

Na hora de aproveitar ó máximo o espacio aberto e suxerido pola idea da "viaxe" e a necesidade de utilizar sete decorados distintos, adóptouse a decisión dun escenario circular en forma de anel no que os espectadores estivesen no centro, nunha plataforma xiratoria. Por ese espacio circular estarán dispostos os diferentes escenarios cumprilados co espacio real pero sen renunciar á maxia de que apareza unha casa onde só había un muro ou que apareza a fachada dunha igrexa de pedra onde non había nada. Os espectadores irán dun lugar a outro coa mirada, e sempre estimulados polo camiñar dalgún personaxe, sempre de esquerda a dereita ata completar dúas voltas enteras sobre o seu asento, como fai a agulla pequena do reloxo cada día.

Tanto o paso temporal (28 días que estarán dados polas catro luas) como o de escenas, terán un tratamento cinematográfico, xogando tanto coa teoría do punto de atención, como coa profundidade de campo cos obxectos en primeiro termo creando perspectivas e resaltando con luces e sombras obxectos que se atopan a diferentes distancias do espectador.

Tamén a luz xogará un papel cinematográfico procedendo para cada escena, fundamentalmente, dun só lugar, no día iluminados polo sol e na noite polo luar, coa excepción das velas e os candis, algúns focos moveranse á vista dos espectadores e algúns efectos serán feitos por especialistas tamén á súa vista, para que de candío en vez volver á realidade, e tamén cunha función didactico-musical.

Antonio Simón

(Este espectáculo é froito dun convenio asinado entre o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Músicas)

Agradecimentos: Centro Galego de Arte Contemporánea

Otero Espasandín:

"Nada máis lonxe dese teatro bobalición e empachoso que se denomina poético con unción beatífica polos snobs, ca este teatro de Dieste. Sen embargo, non hai nel aceno nin frase que, malia o seu rigor, a súa subordinación ás esixencias totais da obra e da escena, non estean atirantadas por un lirismo e por un vigor emotivo que ás veces ameaza estalar, como un nubieiro de treboada, en súpetos lóstregos de angustia, ledicia ou congoxa, segundo os casos".

Juan Gil-Albert:

"Este teatro de Dieste parécenos como unha acción da palabra servindo de intérprete xentil e silandeira ó máis vivaz e incontaminado do noso espírito... As súas voces convértensenos na música astral dun mundo rexido aínda polo delicado e estremecedor anxeio de se salvar".

Lorenzo Varela:

"O señorío da linguaxe popular. Veracidade das persoas dramáticas en Dieste. A caridade do autor. O aire de lenda viva que adquire o teatro cando, como neste caso, as cousas do mundo están como envoltas nunha fiel e sostida mirada admirada. Graciosa, milagrosa acción da inocencia...".

Eduardo Haro Tecglen:

"Bo contemporáneo dos seus contemporáneos, cheo dunha fidelidade ó seu tempo e ás súas ideas, tivo unha voz propia que defendeu en circunstancias extremas, como a guerra ou o exilio.

Lido hoxe, o son desa voz segue sendo auténtico, e as contradicións e reaccións do medio teatral seguen sendo as mesmas que el descubriu".

Pablo Corbalán:

"Hai que entrar no teatro de Dieste como entramos nas súas figuracións sobre 'Félix Muriel'. Quero dicir que ó entrar nel atopamos, por tela experimentado xa antes e sentila xa como garantida, a revelación dun auténtico creador. Como hai que lamentar que escritores coma este non puidesen ter sido nosos ó seu debido tempo".



Parque de Bonaval ás 23:00 horas.
Entrada ó espectáculo pola Porta da Memoria,
Rúa de San Domingos

Os días 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 25, 27, 28,
29 e 30 de xullo; 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 18,
19, 20, 23, 24, 25, 26, 27, 30 e 31 de agosto;
e o 1, 2 e 3 de setembro

Centro Dramático Galego



Rúa do Vilar, 35 - 1º
15705 Santiago de Compostela
Tel.: (981) 58 15 72 / 58 17 38
Fax: (981) 58 19 87

IGREM



*Instituto Galego
das Artes Escénicas
e Musicais*



CONSELLERÍA DE CULTURA DE GALICIA



CONSORCIO DE
SANTIAGO



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONSELLERÍA
DE CULTURA



Coa colaboración da
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística